

**SESION ORDINARIA DO CONCELLO PLENO O DIA 31 DE XANEIRO DE 2019.-**

No salón de sesións do concello de Ribadavia sendo as sete horas e cinco minutos do día 31 de xaneiro de 2019, reúnese en sesión ordinaria e, en primeira convocatoria, o Concello Pleno baixo a presidencia do sr Alcalde-presidente, coa asistencia dos Sres/as concelleiros e concelleiras que a continuación se indican, actuando como secretario Francisco Fernández Castro.

**ALCALDE- PRESIDENTE**

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE)

**CONCELLEIROS E CONCELLEIRAS**

D RICARDO GONZÁLEZ AMARO (PSOE)

D JAVIER IGLESIAS SENDÍN (PSOE)

D<sup>a</sup> NOELIA RODRÍGUEZ TRAVIESO (PSOE)

D<sup>a</sup> MARÍA LÓPEZ TOUZA (PSOE)

D CÉSAR MANUEL FERNÁNDEZ GIL (PP)

D CELSO SOTELO BARROSO (PP)

D MIGUEL GARCÍA DOMÍNGUEZ (PP)

D<sup>a</sup> CLARA LOEDA SOTO (PP)

D<sup>a</sup> MARÍA LUZ EXPÓSITO PÉREZ (PP)

D MANUEL VÁZQUEZ LÓPEZ (CXG)

D XACOBE GARCÍA SOTO (BNG)

D BRAIS FIDALGO MARTÍNEZ (RIBEIRO EN COMÚN)

Secretario: Francisco Fernández Castro.

Interventor D Vicente Soto Rodríguez.

Alcalde.- Boa tarde a todas e todos, aos concelleiros e concelleiras, ao público presente e ao que nos segue pola páxina web.

**1. APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA ULTIMA SESION CELEBRADA, QUE FOI A DO 27 DE DECEMBRO (ORDINARIA).**

Non formulándose observacións, fica aprobada por unanimidade.

**2. DACION DE CONTA DE: A)DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA, SEGUNDO O EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.**

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións da Alcaldía ditadas dende a sesión anterior , e que de seguido se relacionan:

Do 13 de decembro; unha, sobre aboamentos.

Do 18 de decembro; unha, sobre aboamentos.

Do 20 de decembro, unha, sobre aboamentos.

Do 21 de decembro; seis; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; dúas, sobre liquidación taxa serv. ext. incendios e outros; unha, sobre requirimento; dúas, sobre aboamentos.

Do 24 de decembro; unha, sobre aboamentos.

Do 26 de decembro; catro; unha, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre enterramento; unha, sobre exp. tarxeta estacionamento; unha, sobre aboamentos.

Do 27 de decembro; nove; seis, sobre bonificación IVTM; unha, sobre liquidación taxa serv. ext. incendios e outros; dúas, sobre concesión vacacións.

Do 28 de decembro; oito; dúas, sobre altas no Padrón Habitantes; unha sobre concesión servizo axuda no fogar; unha, sobre xeración créditos 23/18; unha, sobre acondicionamento campo fútbol do Xestal; unha, sobre pavimentación beirarrúa marxe esquerda Estr. Filgueira; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 31 de decembro, tres, sobre aboamentos.

Do 02 de xaneiro; oito; catro, sobre bonificación IVTM; unha, sobre expte. sancionador 7/18; unha, sobre expte. 17IAE/2018; unha, sobre aprobación oferta emprego publico; unha, sobre denegación petición de particular.

Do 03 de xaneiro, tres; dúas, sobre concesión asuntos propios; unha, sobre aboamentos.

Do 04 de xaneiro; cinco; dúas, sobre concesión servizo xantar na casa; unha, sobre retirada cerramento vexetal; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 07 de xaneiro; oito; dúas, sobre altas no Padrón Habitantes; dúas, sobre requirimentos; dúas, sobre concesión vacacións; tres, sobre aboamentos.

Do 08 de xaneiro; tres; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 09 de xaneiro; tres; unha, sobre concesión servizo axuda no fogar; unha, sobre concesión asuntos propios; unha, sobre aboamentos.

Do 10 de xaneiro, trinta; vinte e seis, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre formalización contrato; unha, sobre retirada cerramento; dúas, sobre aboamentos.

Do 11 de xaneiro, dezaseis; catorce, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre liquidación taxa serv. ext.. incendios e outros; unha, sobre aboamentos.

Do 14 de xaneiro, cinco; dúas, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre expte. 23IAE/2018; unha, sobre expte. sancionador 2/18: unha, sobre aboamentos.

Do 15 de xaneiro; cinco; dúas, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre denegación prórroga; unha, sobre enterramento; unha, sobre aboamentos.

Do 16 de xaneiro; once; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; dúas, sobre liquidación plusvalía; tres, sobre liquidación taxa serv. ext. incendios e outros; dúas sobre xubilación funcionarios; unha, sobre autorización colocación carpa; unha, sobre aceptación renuncia; unha, sobre enterramento; dúas, sobre aboamentos.

Do 17 de xaneiro; oito; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre enterramento; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; dúas, sobre concesión vacacións; tres, sobre aboamentos.

Do 18 de xaneiro; catro; tres, sobre bonificación IVTM; unha, sobre concesión vacacións.

Do 19 de xaneiro, unha; sobre expediente sancionador 7/2018.

Do 21 de xaneiro, tres; dúas; sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre aboamentos.

Do 22 de xaneiro, tres; unha, sobre convenio recollida animais abandonados; unha sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 23 de xaneiro; dúas; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 24 de xaneiro, catro; unha, sobre renuncia contrato; unha, sobre adxudicación contrato; unha, sobre enterramento; unha, sobre aboamentos.

Do 25 de xaneiro; cinco, unha, sobre requirimento; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 29 de xaneiro; dúas; unha, sobre xubilación funcionario; unha, sobre retribucións persoal.

Do 30 de xaneiro; unha, sobre oferta pública emprego 2019.

### **3. MOCIÓN PSOE SOBRE A APERTURA DE XEITO INMEDIATO DO MUSEO DO VIÑO DE GALICIA EN RIBADAVIA ( RECTORAL SANTO ANDRÉ).**

Dase lectura ao Ditame da Comisión Informativa de 24 de xaneiro de 2019:

Primeiro.- Que o pleno do concello de Ribadavia acorde esixir á Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Ourense, que con urxencia se tomen as medidas necesarias para a apertura inmediata do Museo dos Viños de Galicia na Reitoral de Santo André de Camporredondo en Ribadavia, dado que o proxecto atopase rematado.

Segundo.- Que se rinda homenaxe os artífices desta iniciativa , en concreto aos membros da Corporación Municipal que inicio os trámites no seu momento e a Obradoiro de Emprego que fixo os primeiros traballos no inmovible.

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PSOE e CXG , reservanse para o Pleno PP, BNG e CXG ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

Alcalde.- A vou a defender eu. Dende o día da presentación da moción aconteceron cuestións salientables. Xa se debatiu. Temos capacidade de entendemento con outras administracións porque entendemos que é bó para o concello. Esta moción o que intenta e poñer nos medios de comunicación e nos responsables da obra que se abra a instalación. As datas non as puseo o concello. A principios da lexislatura a propia Deputación quería facerse cargo da apertura.Seguimos esperando durante anos. O ano pasado adxudicouse o plan museístico. Estiven reunido coa Directora Xeral e coa Conselleira de Cultura.Pasou moito tempo en que se decía que era inminente. Antes de falar coa institución municipal nos enteramos de que había visitas guiadas ao museo. Que menos que o alcalde o supese. Se viña decindo que o museo xa estaba inaugurado. Se o problema é que se acercan as eleccións e que o alcalde non é do PP, que non asista á inauguración.Non hai problema , que sexa un acto sinxelo. Sí pido un homenaxa para os membros da corporación dos que saú a iniciativa.

Trasladei a pregunta por escrito ao presidente da Deputación que constestou que preguntase no Parlamento á Xunta. O portavoz do PP dixo que había problemas na cúpula, pasaron meses , xa non será cuestión de goteras. Nalgunha conversa con

algunha persoa importante da Xunta se falou de que podía ser no Museo a inauguración da Feira do Viño. Xa son horas, hai moitos cartos invertidos, moito traballo de moita xente. É unha declaración institucional, que busca a complicidade da Consellería de Cultura.

D Manuel Vázquez López (CXG).-Boas tardes a todos e todas.Amosar recoñecemento ao cativo falecido en Totalán, e ao equipo que participou no rescate que amosou unha gran profesionalidade. Respecto á moción xa votei a favor nas Comisións, é unha obra rematada importantísima para Ribadavia e para o Ribeiro. Importante para o coñecemento do viño e o turismo.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- O noso grupo tivo constancia de que se ía a abrir a través da Asociación de Amigos do Museo, ía a ser inminente e se organizaban visitas guiadas. É público e notorio a través da rede. A apertura xa se reclamou neste pleno.A moción nos parece ben, a moción non a debía presentar o grupo que sustenta o goberno, senón a través de alcaldía como unha declaración institucional. Debería ser obrigatoria a unanimidade.

O noso grupo trasladou ao Parlamento de Galicia unha serie de preguntas sobre o tema a través de En Marea. A Xunta responderá para o pleno de febreiro, cando vai a ser a apertura, si se vai a celebrar, si se va a obter a calificación de museo, si va a ter cadro de persoal, si se va a integrar no Museo Etnolóxico de Ribadavia, si va a depender da Xunta de Galicia ou tamén da Deputación e do Concello. Se a Xunta ten pensado algún aparcadoiro. A autorización e calificación de museo o ten que facer o Consello da Xunta.

Hai que solucionar os problemas de acceso e os aparcadoiros, están sen facer. Chega trinta anos tarde, pudo ser de gran utilidade nestas tres décadas. De acordo en homenaxear aos artífices.

D Xacobe García Soto (BNG).- Este grupo xa tiña coñecemento das visitas guiadas por AMENCHIR e polos veciños de Santo André. Se cancelaron as visitas programadas. Xa ten traballadores nas instalacións. A decisión de non ter todo aberto é unha decisión política. Se pode visualizar que, en breve, se abrirá. A declaración institucional é necesaria.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- Hai cuestións diferentes, é un pouco inxusta a valoración de que non se abre por decisións políticas. A xunta entón non tería licitado a xestión, nin o proxecto de musealización. Houbo varias obras na estrutura. A Xunta, cando esté listo para a apertura, cando todos os pasos administrativos estén dados, e en condicións de seguridade, a Xunta abrirá o museo, sen dúbida. É inxusto que se fale de cálculos políticos. Non sei quen publicou esas informacións en prensa de que o museo ía a abrir, da Consellería non saíron. Para as visitas guiadas descoñezo si se pediu permiso, si tiña coñecemento a Consellería.Non me parece correcto visitas guiadas previas antes da inauguración. Igual que non haxa seguro de responsabilidade civil e que haxa un accidente. Estamos de acordo en pedir que abra o antes posible.

Respecto ao segundo punto, recoñecendo o traballo de todo o mundo, non penso que sexa necesario un homenaxe. Senón tamén habería que facer un homenaxe aos que fixeron o edificio de Correos, o Parque da Veronza, os Xulgados, a rehabilitación do concello, as termas de Prexigueiro, etcétera... Non podemos caer en permanentes

homenaxes á xente que fixo o seu traballo, remunerado ou representativo. Nos imos a abster no segundo punto. Habería que facer moitos recoñecementos.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Esta inauguración sería a catro meses das eleccións, os representantes municipais estamos de paso. Non son moi partidario das inauguracións, se o fai a Xunta o lóxico é avisar primeiro ao alcalde. Unha vez a Xunta informe ao Concello, que todos os portavoces, cando menos, ou a todos os concelleiros se nos avise. O lóxico é que todo o mundo esté informado.

Da reflexión do portavoz do PP sobre os homenaxes, ningún homenaxe é excluín-te, se hai que facer máis que se fagan. As homenaxes sempre en positivo, nunca en negativo.

D Xacobe García Soto (BNG).- Vou a coincidir co PP, esas homenaxes son innecesarias, non aportan nada. A moción vai nunha liña interesante, e o punto segundo ten moi pouca importancia. Tamén habería que facer un homenaxe aos veciños que cederon terreos para o acceso ou soportaron as obras. Non debe ser impedimento para aprobar o primeiro punto.

Alcalde.- Hai cousas que eu non comparto, cando falo de inauguración, falo de apertura. Nos non podemos facer os titulares das notas de prensa, si as notas de prensa non son reflectidas polos medios as Administracións as ten que rectificar. O día trinta e un de agosto, según a Deputación, o Museo abriría as súas portas este outono. O que é inxusto é que se fagan invitacións a socios dunha asociación para un sábado visitar o museo.

D Celso Sotelo Barroso (PP).- Na carta ponía que a inauguración ía a ser próximamente.

Alcalde.- Un xoves se me dixo iso e as cartas xa chegaran. Si se produce e a corporación non o sabe, algún frenaría a situación; ás dúas da mañá se suspende a visita. Me preocupa a incapacidade de quen está a cargo de estas cuestións. O dez de setembro de 2015 non se nos invitou.

D Celso Sotelo Barroso (PP).- Se pode crear un conflito sen ter culpa de nada.

Alcalde.- Sen que sirva de precedente, non hai problema en votar os dous puntos por separado.

Nos non trouxemos grandes homenaxes, este alcalde non vai a ter ningunha placa nesta legislatura. O traballo é a nosa obriga. O Museo do Viño foi unha opción moi novedosa e moi complicada nese momento. Hai rúas que levan nomes de alcaldes. Esa Corporación púso en marcha a Festa da Istor ia. Hai que reivindicar a figura dos políticos. A Festa da Istor ia non fixo un homenaxe a esa corporación.

Primeiro.- Que o pleno do concello de Ribadavia acorde esixir á Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Ourense, que con urxencia se tomen as medidas necesarias para a apertura inmediata do Museo dos Viños de Galicia na Reitoral de Santo André de Camporredondo en Ribadavia, dado que o proxecto atopase rematado.

Sometido a votación o primeiro punto fica aprobado por unanimidade.

Segundo.- Que se rinda homenaxe os artífices desta iniciativa , en concreto aos membros da Corporación Municipal que inicio os trámites no seu momento e a Obradoiro de Emprego que fixo os primeiros traballos no inmovible.

Sometido a votación o segundo punto obtense o seguinte resultado, votos a prol PSOE (5), CXG, RBC ; abstencións PP (5) e RBC, fica aprobado.

#### **4.- MOCIÓN RBC AO PLENO DO CONCELLO DE RIBADAVIA PARA QUE SE REHABILITE E SE OFERTE VIVENDA PÚBLICA PARA RIBADAVIA NOS INMOBLES PROPIEDAD DO CONCELLO.**

Dase lectura ao Ditame da Comisión Informativa de 24 de xaneiro de 2019:

##### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Ribeiro en Común propón unha política municipal de Vivenda pública e un convenio coa Xunta e o Estado para a rehabilitación dos edificios ruinosos propiedade do concello. Nesta Moción pedimos que o Concello realice a rehabilitación destas vivendas municipais en ruína a través de convenio coa Xunta co obxecto de destinalas a vivenda pública.

Para Ribeiro en Común tanto o goberno municipal como a Xunta teñen recursos e medios para fomentar vivenda pública, e non admitiremos que non o fagan mentres destinen recursos públicos a áreas de menor importancia e necesidade para a nosa poboación. Ademais, Ribadavia leva décadas sen apenas oferta importante de vivenda pública, só existindo unha única vivenda neste tempo. A Xunta e tamén o Estado deben participar a iniciativa do Concello.

Rematando a lexislatura este goberno tampouco fixo nada en política de vivenda pública. E iso a pesar de que unha das “promesas estrela” deste goberno era facer vivendas públicas nos edificios dos ferroviarios, que son propiedade de ADIF. Paradoxicamente esta semana representantes de ADIF reuníronse con representantes municipais sen que nos anunciaran nada ao respecto destas vivendas. Un novo fracaso e promesa incumplida deste goberno local. É bastante probable que pretenda agochar dito fracaso con novas promesas e brindes ao sol a 4 meses das eleccións, a realidade é que despois de 4 anos non hai nada tanxible nin concretado.

Non podemos entender a falta de propostas desde goberno en política de vivenda nestes 4 anos e sobre todo a falta de proposta para os seus inmoables ruinosos no casco histórico cos que non saben o que facer, despois de moitos anos de abandono.

Despois de que nesta lexislatura o Grupo Municipal de RIBEIRO EN COMÚN presentara varias Mocións que foron aprobadas no PLENO MUNICIPAL para o arranxo, rehabilitación e posta en funcionamento destes inmoables municipais que se atopan en ruínas, presentamos de novo unha Moción para que desde o Concello de Ribadavia se tome a iniciativa en política de vivenda pública ao mesmo tempo que lle damos unha solución aos inmoables ruinosos do Concello, co obxectivo de conseguir: a rehabilitación destes inmoables municipais mellorando a zona monumental, e conseguir a oferta de vivenda pública para os e as ribadavienses nunha área que debe ser dinamizada enchéndoa de familias que vivan nun dos mellores cascos históricos conservados de Galicia.

A perda de poboación que está despoboando Ribadavia, moi palpable no casco histórico, debe ser tomada en serio por parte de quen governe o Concello, as cifras son alarmantes sen que o actual goberno tomara ningunha iniciativa para evitalo. Un bo reclamo pode ser unha boa oferta de vivenda pública, que ademais axude a moitas familias a vivir en Ribadavia, cun contrato de aluguer máis asumible para moitas familias, e ao mesmo tempo mellore a oferta de vivendas que hai en Ribadavia.

Propoñemos facelo en réxime de aluguer, polo que a propiedade continuaría sendo pública, e que sexa a través dun contrato con vantaxes para os inquilinos: prezo de aluguer en función da renda das persoas, sendo esta oferta de vivenda pública subvencionada para as persoas que estean censados ou se censan en Ribadavia.

*Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción dos seguintes ACORDOS:*

- 1. Que o Concello de Ribadavia tome a iniciativa na oferta de Vivenda Pública para realizar un convenio coas Administracións Xunta de Galicia, Instituto Galego de Vivenda e Solo, ou /e o Ministerio de Fomento, coa Secretaría Xeral de Vivenda, poñendo a disposición destas Administracións os seus inmobles co obxectivo de iniciar o proceso de recuperación e rehabilitación e a súa oferta para Vivenda Pública, de acordo a normativa vixente.**
- 2. Que o Concello de Ribadavia, máis alá dos proxectos obsoletos, elabore un Plan de recuperación dos inmobles municipais das rúas San Martiño, Fornos, Extramuros- Río Avia, e do solar municipal da rúa dos Fornos para que sexan incluídos na oferta de vivenda pública en réxime de aluguer, de acordo a normativa vixente.**
- 3. Que o Concello de Ribadavia cumpra a través do seu goberno todos os Acordos Plenarios relativos a mellora do Casco histórico de Ribadavia e dos inmobles e solar propiedade do Concello, e sempre de acordo a normativa vixente.**

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol RBC , reservanse para o Pleno PSOE, PP, BNG e CXG ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- O propio título da moción indica o seu obxecto. É bastante recorrente que RBC faga propostas en positivo para recuperar inmobles do concello. Estes inmobles están no casco histórico e en moi mal estado. RBC considera que é unha ferramenta básica dos concellos preocuparse pola vivenda dos veciños. En



2003 se entregaron as ultimas vivendas públicas en Ribadavia. O concello non ten tomado ningunha iniciativa en esta materia. Foi unha promesa electoral do actual goberno. O concello de Ribadavia, coa súa limitada capacidade económica, non pode facer unilateralmente esa inversión. A Xunta e o Estado ten que aportar. Todos os anos hai convenios con outros concellos para ese fin, Se dinamizaría tamén o casco histórico, cada vez máis envellecido.

D Manuel Vázquez López (CXG).- É unha iniciativa na que CXG fixo algunha aportación. Estamos a favor, debería incluírse á Xunta e ao Ministerio de Fomento.

D Xacobe García Soto (BNG).- É un tema xa debatido en plenos pasados, incorporar á vivenda pública as vivendas do concello no casco histórico. É unha boa medida para fixar a propia poboación moza, é difícil pagar os alugueiros que quedan en Ribadavia. Dar vida aúna paisaxe que é un pouco desoladora. Hai que artellar medidas para evitar a despoboación.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- A favor, nos parece ben que se busque a posibilidade de ofertar vivenda pública. Hai que dinamizar o casco histórico, igual había que buscar outras fórmulas. Se poderían facer promocións de vivenda pública máis ambiciosas.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- Calquera goberno estaría disposto a ceder os inmobles para os poñer a disposición das rentas máis baixas.

Alcalde.- Houbo algunha conversa neste eido. A necesidade de vivenda pública non é o maior problema de este pobo. Hai vivendas públicas sen ocupar en San Paio,; hai outras dous que se quitaron e non houbo demanda. Hai unha enfrente do tanatorio. Non é discutible que as vivendas do concello se lle dean a outra administración para que as explote. Algunha iniciativa privada as solicitou, non o fixo por escrito. Só o mantemento é moi costoso. O que dixemos é que había vivendas desocupadas en edificios que había que poñer en valor. As vivendas de ADIF dixo que non as cedía porque estaban ocupadas polos seus traballadores. As dúas vivendas de arriba se podían alquilar.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

#### **4.-MOCIÓN CXG AO PLENO DO CONCELLO DE RIBADAVIA PARA ACONDICIONAR, LIMPAR E SINALIZAR O CAMIÑO MIÑOTO RIBEIRO O SEU PASO POLO NOSO MUNICIPIO.**

Dase lectura ao Ditame da Comisión Informativa de 24 de xaneiro de 2019 do seguinte tenor literal:

Primeiro.- Tendo en conta que o Camiño Xacobeo Miñoto –Ribeiro é un dos máis antigos que une o norte de Portugal con Galicia, mais concretamente Braga con Santiago de Compostela, que ofrece oito igrexas, vestixios de sete hospitais de peregrinos e augas termais o longo dos seus 240 km de percorrido. Sería de interese para Ribadavia que dito camiño estívese en condicións óptimas para visitalo. ( A pesar de ter coñecemento de que tanto o noso concello como os limítrofes da comarca están

constituídos en asociación e supoño que traballando en dita cuestión)

Segundo.- Tendo coñecemento de que a Consellería de Cultura acaba de publicar no DOGA , recentemente as subvencións para proxectos de cara á dinamización do Xacobe 21 “ O teu Xacobeo” que o concello de Ribadavia como entidade pública poida optar ata unha subvención de 15.000 euros.

En virtude do exposto, propónse ao pleno do concello a adopción dos seguintes acordos  
Primeiro.- Instar o goberno municipal a que leve a cabo a redacción dun proxecto de limpeza, acondicionamento e sinalización do camiño polo discorrer do noso municipio para poder acollerse a dita subvención.

Segundo.- Que se solicite a Xunta de Galicia xunto cos municipios polos que atravesaba o camiño a inclusión como ruta Xacobeá o Camiño Miñoto-Ribeiro.

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol CXG , reservanse para o Pleno PSOE, PP, BNG e RBC ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

D Manuel Vázquez López (CXG).- A moción está ben explicitada, hai que ver si encaixa na orde de subvención, que saíu o día 14 de xaneiro no Diario Oficial de Galicia , pode encaixar no patrimonio histórico-Hai unha asociación constituída polos concellos polos que pasa o camiño.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Temos algunhas dúbidas pero estamos de acordo coa proposta. Se tiveramos a sorte de que Ribadavia estivera incluída nun camiño xacobeo , axudaría a que Ribadavia tivera visitantes todo o ano. É un recurso moi importante, o concello é un actor fundamental para conquistar o obxectivo. Non lle corresponde ao concello de Ribadavia só.

D Xacobe García Soto (BNG).- A favor, si se debe facer unha promoción de este camiño. Se debe facer visible a existencia do camiño, que o coñezan os veciños. Non vexo que a Orde de subvención encaixe , ao non estar o camiño declarado oficialmente.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- Na Orde non hai marxe para que entren camiños non declarados.É unha declaración de intencións buscando iniciar o camiño para o recoñecemento, é un camiño longo, tedioso.

Alcalde.- A brigada de limpeza da Mancomunidade unha das limpeza que fai é a de ese camiño. Ribadavia lidera ese traballo. O alcalde de Cortegada ten un empeño persoal en esta cuestión. Hai dúas asociacións neste tema , eu son tesoureiro de unha. O fundamental é que se recoñeza o propio camiño, os historiadores dicen que está documentado. Hai un traballo encargado. É unha cuestión complexa. Houbo unha reunión co Bispo de Braga. É unha ruta pola que ven moita xente, o concello de Teo se quere incorporar.

D Manuel Vázquez López (CXG).- A orde non especifica claramente a que se refire o camiño francés; que o valoren os técnicos.

Alcalde.- Parece ser que primeiro ten que ser o recoñecemento.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

## **5 .- MOCIÓN DO PP SOLICITANDO QUE SE ACOMETA UNHA REFORMA INTEGRAL DE DIFERENTES RÚAS NA LOCALIDADE DE VENTOSELA**

Dase lectura ao ditame da Comisión Informativa de 24 de xaneiro de 2019 do seguinte teor literal:

A localidade de Ventosela presenta, principalmente na zona urbana situada entre a N 120 e o río, un estado de abandono absoluto, As diferentes rúas deste entorno atópanse nun estado lamentable, cheas de buracoe e co firme roto e totalmente deteriorado polo paso do tempo.

O estado da Plazuela, a rúa Quinteiro, a rúa Palleiros e a rúa Portela, entre outras, desta localidade, de Ventosela, son unha mostra inequívoca do abandono absoluto ao que ten sometido o goberno de Ribadavia a esta e outras localidades do concello, obviando totalmente as necesidades e demandas dos veciños desta localidade.

Dende o grupo municipal do Partido Popular de Ribadavia consideramos inaceptable que o goberno local manteña sometida á localidade de Ventosela a este estado de abandono , e cremos que se debe acometer de xeito inmediato unha actuación de reforma e mellora destas rúas de Ventosela para rematar , dunha vez por todas con esa situación de esquecemento histórico de esta localidade. Un esquecemento que nos amosa que, a día de hoxe, en Ribadavia a veciñanza non goza dos mesmos dereitos e servizos en función de onde teñan a súa residencia , algo que consideramos totalmente inaceptable.

Por todo o anteriormente exposto o grupo municipal do Partido Popular de Ribadavia somete á consideración do pleno municipal a adopción do seguinte Acordo

Instar ao goberno municipal a levar a cabo unha reforma integral das rúas da localidade de Ventosela, nomeadamente a Plazuela, rúa Quinteiros, a rúa Palleiros, e a rúa Portela, entre outras.

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PP,PSOE e CXG , reservanse para o Pleno BNG e RBC ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

D César Manuel Fernández Gil (PP).- O que solicitamos son actuacións en Ventosela, entre a N-120 e o río. É unha zona na que fai moito tempo non se levan a cabo actuacións. Se require unha actuación integral: arranxar todo o que ten que ver co firme, revisar as arquetas deterioradas, etcétera...

D Manuel Vázquez López (CXG).- Todo o que sexa mellorar a calidade de vida dos veciños estou a favor.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Nos parece unha boa moción, necesaria. Ventosela é unha das zonas máis abandonadas ,por habitantes a máis abandonada. En 2016 tivemos unha xuntanza cos veciños que nos presentaron unhas reclamacións , que foron axuntadas na negociación co goberno dos orzamentos de 2017: adaptación e mellora do parque infantil de Ventosela, a zona da plazuela, o palco da festa, mellorar o servizo de recollida de lixo, etcétera...

D Xacobe Garcia Soto (BNG).- Ventosela , a localidade, é a gran esquencida de este concello. Na zona que se nomea na moción , a sensación é de abandono. É necesario un investimento ahí.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- Non estou de acordo nalgunhas expresións. Se ven de reparar os camiños cos medios que autoriza a Confederación Hidrográfica., que non permite utilizar os medios que nos gustaría. Cunha subvención da Xunta se arranxou a presión dos calentadores para que chegara a auga como ten que chegar.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- Agradecer o apoio á moción.

Alcalde.- Que non se acuse de electoralistas ás obras, se vai a pedir ao Departamento de Cooperación da Deputación. Para febreiro virá a pleno unha modificación orzamentaria para o Parque da Alameda.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

## **6.- MOCIÓN RBC PARA QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA MELLORE A ESTRADA BAIXADA AO CONSELLO DE TITULARIDADE MUNICIPAL QUE UNE O PAVILLÓN COA N-120 , ASÍ COMO A MELLORA DE TODA A ZONA DO PAVILLÓN CO CONSELLO.**

Dase lectura ao ditame da Comisión Informativa de 24 de xaneiro de 2019 do seguinte tenor literal:

O grupo de Ribeiro en Común presenta o día 17 xaneiro un escrito demandando a mellora desta rúa- estrada de titularidade municipal, e faino ademais en relación coa instalación de puntos de luz novos que se realizan desde o Concello ao longo do ano en varios lugares do municipio.

En dito escrito mencionamos que de non existir unha resposta positiva de compromiso coa realización de dita mellora antes do día 24 de xaneiro, no que se celebran as Comisións informativas, o noso grupo levará dita reclamación en forma de Moción ao Pleno de xaneiro. O noso grupo recibe resposta o día 23 de xaneiro na que se afirma que se “estudiarán as propostas realizadas e se solicitará un informe técnico para comprobar a viabilidade das mesmas”, pero sen existir ningún compromiso por parte do actual goberno de mellora de dita rúa- estrada municipal. Por conseguinte, ao non existir un compromiso real con esta mellora, Ribeiro en Común considera que o Pleno municipal

debe posicionarse a favor de que o Concello de Ribadavia realice esta acción de mellora que pedimos.

Ademais destas melloras reclamadas con anterioridade, consideramos que desde o Concello pódese facer moito máis para mellorar esta zona do Pavillón do Consello que se atopa nunha situación de deterioro avanzado.

Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción dos seguintes ACORDOS:

- **Que desde o Concello de Ribadavia se instale un punto de luz pública á altura das parcelas de veciños que o teñan solicitado na rúa Baixada ao Consello, para darlle servizo a esta/s familia/s pero tamén a moita veciñanza que transita por esta rúa- estrada e que une o Pavillón municipal coa N-120 e A Quinza.**
- **Que desde o Concello de Ribadavia se realice un Plan para a instalación do servizo público de luz e electricidade na rúa Baixada ao Consello, desde o Pavillón municipal do Consello ao longo da estrada - rúa que une o pavillón coa N-120.**
- **Instalación de badéns e de barreiras protectoras que reforcen a seguridade do tráfico. E instalación de barreiras protectoras de seguridade vial para os peóns que transitan por esta rúa.**
- **Mellora da calzada e da pavimentación desta estrada.**
- **Arranxo do espazo público nesta zona do Pavillón do Consello, que se atopa totalmente abandonada: o seu parque infantil, a antiga fábrica- central de luz no río Avia, de acordo coa familia propietaria, así como de toda a zona das traseiras do Pavillón municipal incluíndo o camiño, acceso aos garaxes e toda a zona de aparcamento.**

**Todas medidas de acordo á normativa vixente**

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol RBC , reservanse para o Pleno PSOE, PP, BNG e CXG ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Todos sabemos de que rúa falamos , é de titularidade municipal. Está bastante abandonada, non ten luz pública, non hai farolas en todo o perímetro, non hai farolas no antigo parque público. Os coches ten que que parar, da medo a caída ao río, non hai quitamedos. Hai unha moción presentada para o pleno de febreiro. Nas traseiras do pavillón é un espazo onde se acumulan sobrantes de obra, non é a ubicación. Hai que estudar a recuperación de esa vella fábrica, de ese muiño. Habería que facer un plan de mellora de esta zona que ten un potencial importante.

D Manuel Vázquez López (CXG).- A favor de todo o que sexa bó para a veciñanza , é unha boa iniciativa. Sería moi positivo se o concello puidese explotar a antiga fábrica de luz.

D Xacobe García Soto (BNG).- A favor, a iniciativa é boa. O proxecto debería ser máis amplo. A carretera ata a Quinza non ten beirarrúas, os coches ten pouca visibilidade. Habería que facer algún tipo de mediana ou paseo para que poidan transitar os veciños. As medidas que se propón son puntuais, o proxecto debería ser máis amplo. Os arredores do pavillón ten mala imaxe.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- Estamos a favor. Xa fixemos algunha demanda nesta lexislatura para esta zona.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- Matizar dous puntos, por escrito non se pediu ningún punto de luz , non consta pedido por rexistro. Respecto ao punto 5 non sei se a Confederación Hidrográfica permitiría arranxar a zona de columpios, según o anterior presidente da Confederación Hidrográfica é zona de influencia da desembocadura do río e case non se permite actuar. Se pode remitir a demanda á Confederación.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- A solicitude está rexistrada. O punto cinco quizás o redactamos mal, o obxectivo é recuperar o edificio e que se conexas que hai houbo unha fábrica de luz . No parque infantil ningún veciño reivindicou ahí un parque infantil, pero hai que cuidar e mellorar o espazo. Ese parque non pinta nada ahí. O camiño está moi mal , cheo de baches. É o espírito da moción. As traseiras do pavillón está moi mal. Había un carreiro que unía o pavillón e a estación de tren. A luz pública hai que levala, sobre todo si a demandan. A longo prazo hai que estudar que sexa unha senda verde.

Alcalde.- Os puntos de luz hai que levalos, si se pide para unha vivenda habitada e que cumpra os requisitos legais. Os columpios non os puso o concello. Esa estrada non é titularidade de ninguén , ahí hai outros problemas, igual hai que decir que os coches non poden pasar. Toda a zona é privada, a comprou unha persoa para producir enerxía eléctrica. A situación non se produce por abandono do concello. Me quedo co que dixo o portavoz de RBC, que hai moitos parques infantís en Ribadavia.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

**7.-MOCION RBC PARA QUE O ALCALDE EN CALIDADE DE PRESIDENTE DA FUNDACIÓN TERMAS DE PREXIGUEIRO CONVOQUE XUNTANZA DO PADROADO E ASÍ MESMO SE PROCEDE Á EXECUCIÓN DAS MOCIÓNS E ACORDOS APROBADOS PARA O CUMPRIMENTO DO CONTRATO DE EXPLOTACIÓN.**

Dase lectura ao ditame da Comisión Informativa de 24 de xaneiro de 2019 do seguinte tenor literal:

Nesta lexislatura iniciada en 2015 a Vila Termal de Prexigueiro, que é un dos nosos actuais reclamos turísticos e recurso, non se cumpriu a legalidade por parte do Alcalde de Ribadavia como Presidente da Fundación Termas Prexigueiro, permitindo este a irregularidade no incumprimento do contrato de explotación entre a “Fundación Vila Balnearia de Prexigueiro”, da que o noso Concello forma parte, e a empresa “Termas de Prexigueiro SL”.

En dito Contrato figuran varias cláusulas que comprometen a ámbalas dúas partes respecto a obrigas de desenvolvemento e mellora do complexo termal de Prexigueiro. Algunhas das máis salientables, como poden ser as edificacións para aloxamentos, levan anos paradas a causa da inexistencia de normas urbanísticas que possibiliten a súa construción, deixando Ribeiro en Común claro que cun plan especial para esta zona non faría falta a aprobación do PXOM, como enganosa e recorrentemente se afirma.

Pero tamén existe unha cláusula de compromisos para a empresa concesionaria, entre as que destaca o **“compromiso a realizar dúas pozas na zona exterior do balneario para uso público”**, segundo se rexistra no **contrato asinado o 29 de novembro de 2006**.

Así, esta cláusula coincide con outra das cuestións a mellorar no complexo termal, e tamén unha das eivas existentes , como é a referente á parte exterior na **ribeira do río Cerves, onde existen pozas termais e un entorno en situación de abandono e deterioro**.

Na Moción e ACORDOS aprobados nesta lexislatura adoptáronse os seguintes acordos:

4. **Que se faga cumprir as cláusulas do Contrato de explotación das Termas de Prexigueiro, entre as cales inclúese o compromiso da empresa de realizar dúas pozas na zona exterior do balneario para uso público.**
5. **Se reforme e arranxen as zonas da ribeira do Complexo Termal de Prexigueiro, para dotar a dito complexo dunha parte pública que sexa complementaria da actualmente existente.**
6. **Se fixe nas actuais termas de Prexigueiro un punto de información turístico relativo á publicidade e anuncio da vila de Ribadavia e dos recursos turísticos, patrimoniais e culturais do municipio de Ribadavia.**
7. **Que se elabore un Plan de turismo que inclúa unha análise DAFO do turismo en Ribadavia co obxectivo de trazar as principais liñas de intervención pública para o desenvolvemento do turismo en Ribadavia como sector económico.**

8. **Que se cumpra:**

- **A execución destes puntos sen máis dilacións nin escusas, tendo en conta que para implementar estes puntos non é necesario ter vixente nin**



aprobado o PXOM de Ribadavia. E tendo en conta que o Contrato de explotación é de obrigado cumprimento para as partes asinantes.

- **Que se faga cumprir o Contrato de explotación e concesión das termas de Prexigueiro.**
- **Que se convoque por parte do Alcalde, como Presidente do Padroado a xuntanza do Padroado da Fundación Termas de Prexigueiro, tal e como se ten demandado no último ano por parte dos grupos para entre outras cuestións tamén abordar o prazo e forma no cal a empresa debe levar a cabo a mellora da parte pública das termas de Prexigueiro que se atopan nunha situación de total abandono.**

No caso de que o Alcalde, como Presidente do Padroado, persiste nesta actitude de permisibilidade co incumprimento do Prego de concesión de Prexigueiro, o noso grupo estudará abordar medidas legais que o obriguen en calidade de Presidente a convocar xuntanza e a cumprir o contrato administrativo. Nestes termos presentamos este último requirimento que porá punto final ao un novo período que o noso grupo entende é de máxima irresponsabilidade e deixadez deste goberno en defensa dos intereses públicos e municipais, e por conseguinte da veciñanza de Ribadavia e de Prexigueiro.

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol RBC, BNG e PSOE reservanse para o Pleno, PP e CXG; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Esta cuestión xa viu varias veces a pleno, xa se aprobou e a catro meses do remate da lexislatura segue sen convocarse o Padroado, e os membros non poden esixir á empresa que cumpra o que viña no contrato: o acondicionamento da parte exterior e dúas termas públicas, a mesma medida que na Chavasqueira ou en Outariz, a empresa que as rexenta é a mesma.. Non hai excusas é importante que se leve a cabo. Este contrato é público e hai cláusulas para rescindilo. O ideal é o diálogo coa norma na man. É un reclamo turístico importante infrutilizado. O traballo de outras corporacións o conqueiriu, esta corporación non fixo nada. Se pode abrir o restaurante. Para facer os bungalows non fai falta o Plan Xeral, se pode facer cun plan especial, se fixo para o hipotético Centro de saúde. Os terreos son privados algúns. Hai que esixirle á empresa que adecente o exterior e que constrúa as dúas pozas externas. Hai que falar cos propietarios para adecentar o muiño. Esiximos que se convoque o padroado, está secuestrado ao non convocalo.

D Manuel Vázquez López (CXG).- Me parece ben a iniciativa.



D Xacobe García Soto (BNG).- Levamos tres anos esperando por unha reunión que se ía a convocar en meses. Houbo mocións, rogos e preguntas ao respecto. O alcalde ten capacidade para obrigar á empresa. Para realizar as actuacións previstas a Subdirección Xeral de Urbanismo dixo que bastaba un Plan Especial. Se dice que o problema era reunir aos veciños, cando na súa maioría están xubilados. O alcalde non vai a facer en catro meses o que non fixo en catro anos.É un tema bastante importante, imos ter que gañar as eleccións para poder resolver o tema.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- Nos parece ben que se convoque o Padroado, e nos parece ben que se leven a cabo os arranxos aprobados nesa zona.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- Vale , a favor, a empresa ten que cumprir as condicións acordadas por escrito. Estamos a favor de que se convoque o Padroado, algúns membros estiveron ingresados na residencia. O concello pode convocar o padroado e que se tomen as decisións que se teñan que tomar.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Agradecer o voto a favor. Fai un ano dixen o mesmo e non se fixo nada. Quen ten capacidade para convocar o padroado é o alcalde, que o preside por ser alcalde. Ánimos ás persoas enfermas. Urxe convocar o padroado. Fun nomeado vocal por este pleno e non puiden exercer. Os problemas seguen sen resolverse , en catro anos non se fixo nada en Prexigueiro. O alcalde é responsable de perder 300.000 euros no campo de fútbol.

Alcalde.- Eu non, hai un informe.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- O anterior alcalde é mellor que o actual. Había un goberno bipartito, con dous concelleiros do BNG que o facían moi ben. Xabier e Anxo. Había un receptor e un emisor na esquerda. En maio de 2019 haberá unha coalición de progreso e de cambio. Esta institución necesita unha rexeneración democrática. Un goberno con ideas, o contrario do que actualmente temos. Catro anos perdidos en Prexigueiro. Dende o noso punto de vista a parte xestionada pola empresa funciona moi ben. Non hai vinculación entre as termas e a Vila de Ribadavia.

Alcalde.- Me gustaría que tivera dito na anterior campaña electoral que o anterior alcalde era un gran alcalde. O criticaba moito, o dixo nun debate no club artístico. A súa gran aportación nesta lexislatura foi presentar unha moción de censura só apoiada por vostede. Os concelleiros do BNG non estaban no goberno cando se puxeron en marcha as termas. Para facer o que vostede trae cada pleno farían falla os orzamentos xerais do Estado, millóns de euros. Serei o único alcalde que non teña unha placa. Fan o contrario onde gobernan do que predicán. Insultos e faltas de respecto cero coa miña labor política. O goberno de progreso é presentar unha moción de censura co PP.. Os veciños valorarán o que se fixo e o que se dixo que se ía a facer e non se fixo. Se houbo unha reunión cos veciños de Prexigueiro.

D Xacobe García Soto (BNG).- Unha en catro anos.

Alcalde.- Houbo problemas médicos e outros problemas. O de Prexigueiro non foi nada sencillo. Algúns abandonaron cando estabamos falando cos veciños. A empresa ten feitas solicitudes de licenzas de obra como restaurante, as cuestións administrativas e legais non me corresponden a mín. Eu vou a convocar o padroado e a falar coa empresa.

É fácil deixar as responsabilidades cando as cousas se complican, o noso grupo estivo ás duras e ás maduras. Falase de non traballar cunha lixereza.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

## **8.-Aprobación das Bases da 14ª edición do Premio Abrente para Textos Teatrais 2019 .**

Dase lectura ao ditame da Comisión Informativa de data 24 de xaneiro de 2019 do seguinte tenor literal:

-Aprobar as Bases da 14ª edición do Premio Abrente para Textos Teatrais 2019 coa seguinte redacción:

Coa intención de incentivar e apoiar a creación dramática en lingua galega e por ser o teatro a actividade que maior incidencia e proxección histórica lle outorgou á ribadaviense Agrupación Cultural Abrente (1969-1983), o Concello de Ribadavia convoca, a través da Mostra Internacional de Teatro (MIT), en lembranza daqueles “Concursos de Textos Teatrais”, a 14ª edición do Premio Abrente para Textos Teatrais 2019, de acordo coas seguintes bases:

### **1ª REQUISITOS**

Poderán optar ao premio todas as autoras e autores de calquera nacionalidade que presenten obra dramática inédita e nunca antes premiada ata a data de resolución desta convocatoria, sempre que estea escrita na normativa oficial da lingua galega.

### **2ª PREMIOS**

Establécese un premio único e indivisible, dotado con 3.500 euros e a edición da obra gañadora. O Concello reservará por un prazo de doce meses os dereitos de edición e representación da obra e entregará ao gañador/a un total de vinte exemplares. Igualmente, o Concello poderá promover, a través da Mostra Internacional de Teatro, a produción para a escenificación da obra premiada, sen que isto supoña unha compensación complementaria para o autor/a. En calquera montaxe que se faga da obra gañadora farase constar, necesariamente, tanto no programa, cartel, publicidade, etc., a mención expresa “PREMIO ABRENTE DE TEATRO. MIT RIBADAVIA 2019”.

### **3ª PRESENTACIÓN DOS ORIXINAIS**

As obras serán de tema e extensión libre e presentaranse por triplicado, mecanografadas a dobre espazo, en tamaño DIN A4, fonte de letra Times New Roman, por unha soa cara e coas follas numeradas, grampadas ou encadernadas. Os orixinais presentaranse baixo o título e un lema ou pseudónimo, acompañados dunha plica onde deberá figurar, no exterior, o título e o lema ou pseudónimo e conter, no interior, os datos persoais da autora ou autor: nome, apelidos, DNI, enderezo postal, número de teléfono e correo electrónico.

### **4ª PRAZO E LUGAR DE ADMISIÓN**

O prazo de admisión de orixinais remata o día 21 de xuño de 2019 e deberán enviarse ao seguinte enderezo: Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia. Praza Maior s/n, C.P. 32400, Ribadavia, Ourense Deberase indicar no exterior do sobre “14º Premio Abrente para Textos Teatrais, 2019”

### **5ª XURADO**

O xurado presidirao o Alcalde de Ribadavia ou persoa en quen delegue e formarán parte del: a Concelleira de Cultura ou persoa en quen delegue, o Director da Mostra

Internacional de Teatro e tres persoas de recoñecido prestixio no ámbito da arte teatral. O nomeamento do xurado farao o Alcalde e actuará como secretario/a a persoa elixida por maioría entre os membros integrantes. A composición do xurado farase pública con anterioridade á súa reunión, coa intención de que se poidan interpor, se fose o caso, as alegacións pertinentes.

#### 6ª COMUNICACIÓN DO DITAME

O xurado actuará en sesión única, sendo precisa a asistencia de dous terzos dos seus membros. As deliberacións serán secretas e delas redactarase a acta correspondente. A obra gañadora será escolleita entre dúas obras finalistas, sendo a gañadora a que obteña un mínimo de catro votos. A plica correspondente á obra finalista poderá ser aberta polo secretario do xurado se se considera oportuno para que, se o autor/a o permite, se dea a coñecer de maneira pública. O veredito do xurado será inapelable. O xurado poderá declarar deserto o premio e a súa proposta será obxecto de resolución da AlcaldíaPresidencia do Concello de Ribadavia, que é o órgano competente para resolver o premio. A decisión do xurado darase a coñecer publicamente en xullo de 2019, no contexto da XXXV edición da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia.

#### 7ª RETIRADA DE ORIXINAIS NON PREMIADOS

Os orixinais non premiados poderán ser retirados das dependencias do Concello de Ribadavia no prazo de 30 días naturais a partir do seguinte da decisión do xurado. Aqueles orixinais que non sexan retirados nun prazo de dous anos pasarán a formar parte dos fondos do Concello, previa destrución das plicas que conteñen os datos persoais dos concursantes.

#### 8ª ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases. A entidade organizadora queda facultada para resolver calquera cuestión non prevista nas presentes bases. Ribadavia, xaneiro

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PSOE.,BNG e CXG , reservanse para o Pleno PP e RBC ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

Ás nove horas e trinta e cinco minutos ausentase don Miguel García Domínguez (PP) que se reincorpora ás nove horas e corenta minutos.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade dos presentes; no momento da votación non está presente don Miguel García Domínguez(PP).

#### **9.- Moción RBC para á construción dunha nova pasarela peonil en Ribadavia sobre o río Avia e que una a Veronza e San Francisco. ( previa declaración de urxencia).**

Alcalde.-Houbo un erro , esta moción está rexistrada para o pleno de febreiro non para éste. Pido desculpas.

#### **10.- Mocións de urxencia.**

Non houbo.

## 11.- Rogos e preguntas.

D Manuel Vázquez López (CXG).- Reiterar o tema da Fonte dos Canos.

- **D Brais Fidalgo Martínez (RBC).**- O noso grupo reitera a solicitude feita máis de un ano, de paso de Peóns entre a rúa Avenida de Redondela e rúa Eladio Rodríguez, onde si se rebaixou a beirarrúa a petición nosa, sen aínda non ser ter colocado dito paso de peóns.
- En xullo do 2017 e 2018, foron aprobadas Moción e acordos para que se convoque por parte da presidencia, e Alcaldía, o **Padroado da Vila termal de Prexigueiro**. No Pleno de hoxe volveu traerse a reclamación de que se cumpra por parte da Presidencia a esixencia legal e o deber de cumprir o contrato da empresa concesionaria.
- Melloras no Museo Xudio de Galicia: limpar e pintar as ventás do museo, repor luces, limpeza escaleiras e mellorar o seu mantemento tanto do patio de acceso como o seu entorno e interior.
- Aproveitamento do almacén municipal situado no edificio do Pazo dos Condes (actual Xulgado) na rúa Merelles Caula. Aproveitamento para exposicións permanentes ou temporais de Ribadavia. Neste sentido hai algunhas iniciativas que poderían situarse aquí, como por exemplo a voda xudia da Festa da Isteria, organizada polo Centro de Estudos Medievais. De seguro podería aproveitarse en máis iniciativas.
- Solicitamos de novo, e transcorrido máis de 3 anos, a limpeza da parte traseira do cemiterio municipal e a súa porta de atrás. Así mesmo, a limpeza do Campo da feira, xa que neste parque están ubicadas un grupo de pedras e restos de obras. Solicitamos de novo a súa retirada para unha ubicación máis apropiada, a pesar de que este material foi concentrado, continua presente no mesmo, e a pesar de que na actualidade está alí ubicado o parque de autocaravanas.
- Reiteramos unha vez máis a petición para que desde o Concello se fagan as xestións necesarias para a retirada de árbores secas presentes no río Avia e Miño ao seu paso polo noso termo municipal. Así mesmo pedimos se lle traslade esta solicitude á Confederación Hidrográfica Miño-Sil. Aproveitando a boa colaboración existente cos novos responsables e as boas labores xa realizadas e que están a realizar desde a CHMS no noso municipio.
- Volvemos reclamar a apertura do Concello en sábado. O noso rogo é que non se perdan horas de atención ao público e polo tanto se volva abrir o Concello o sábado, pero que se evite que saian perdendo traballadoras municipais .

- Reiteramos a nosa solicitude para que os postos nº 10, 14, 15 e 16 se saquen a concurso aberto e público da praza de abastos. Se esixa desde o Concello o pago de toda débeda pendente de taxas non abonadas que existan co este Concello, podendo ser esta en prazos para facilitar o seu pago.
- Reiteramos escritos presentados este mes:
  - Informe arquitecta municipal solicitado polo noso grupos sobre as beirarrúas de Francelos.
  - Comisión tráfico.
  - Comisión de seguridade:
  - E ademais, reclamamos e pedimos formalmente a convocatoria de reunión de todos os portavoces municipais, de todos os grupos, con todos os traballadores do GES- Emerxencias Ribadavia.
- **Mocións non realizadas.** Quedando 4 meses para que remate a lexislatura, e 3 para a vindeira campaña electoral, existen unha morea de Mocións aprobadas polo Pleno, e mesmo moitas delas presupostadas que o goberno non foi capaz ou non quixo levar a cabo. Demandamos un maior compromiso do goberno cos acordos aos que se chegou no seu día coa oposición municipal. Agardamos que non semelle que non teñen palabra e que son capaces de cumprir os acordos.
- Que o Concello de Ribadavia lle pague as débedas que ten co IES O Ribeiro por importe de 3.300 euros, 3.700, e 3.400 euros correspondentes aos anos 2015, 2016 e 2017, tal e como se recolle no escrito recollido na acta da XGL do 28 de xaneiro, e dos cales o noso Concello é debedor de máis de 10.400 euros.
- Reclamamos que, na medida do posible, o Concello realice compras e gastos en negocios ubicados e asentados no municipio de Ribadavia. Isto non sempre acontece, e ao noso grupo parécelle unha falta de respecto aos veciños que traballan e pagan impostos neste Concello, que este goberno realice gastos municipais e pague con diñeiro público fora de Ribadavia no lugar de facelo en negocios locais. Un exemplo témolo na factura nº B18000110, con data 3/07/2018 de importe 545 euros e pagada vía Resolución de ALCALDÍA de 8 outubro de 2018.

Alcalde.- Vostede podía falar de todas as facturas nos talleres de Ribadavia. Houbo unha situación concreta, fai demagogia de cousas que non son certas.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- Foi o coche da brigada de incendios, tiña que estar a disposición de maneira automática.

D Brais Fidalgo Martinez (RBC).- Todo o mundo sabe o que hai detrás de esa factura das rodas.

Alcalde.- Que insinúa. Que conste en acta.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Eu non insinúo nada. Os feitos poñen a cada un no seu lugar. Lle da todas as obras a unha mesma empresa, que é do expresidente do PP, que sae nas fotos con Núñez Feijoo. Digalle aos veciños por qué.

Alcalde.- E a outras trinta e cinco empresas, con máis de cen adxudicacións.

D Brais Fidalgo Martinez (RBC).- Eu me irei a casa despois de catro anos de traballo honrado e transparente. Só lle critico estes catro anos.

D Xacobe García Soto (BNG).- Rogo que para reducir o tráfico se poñan lombos sobreelevados en determinadas zonas de Santa Cristina.

Romperon o espello na Quinza que se repoña.

Que se faga algo o día 24 de febreiro , día de Rosalía de Castro,

D César Manuel Fernández Gil (PP).- Saíu publicada a oferta de emprego público no Diario Oficial de Galicia, se decía que se ían a poñer o anuncio na páxina web e non está.

Alcalde.- A oferta se ampliou a cinco prazas. Ata que saian as cinco non se pode facer a publicación das bases, Hai dúas prazas que son por mobilidade. Tiñamos de marxe ata o día 31 de xaneiro, un policia non o fixo ata o día 29. Os prazos van a ser o máis rápido posible. Animou aos grupos para que lle digan á xente que se prepare e se presente. As prazas de reserva xa se pediron a Academia Galega de Seguridade.

D Celso Sotelo Barroso (PP) .- En Casto en San Paio hai dúas farolas cun cable no chan , e hai tres postes en que se podería colocar farola.

Na estrada de Carballiño a altura do banco BBVA hai dúas farolas que non funcionan dun lado e do outro.

Na saída do túnel indo a rotonda de Valdepereira hai un bache

Pregunto se os contenedores están listos.

Nos corralitos da rúa principal hai máis basura fóra que dentro.

Hai que limpiar a pista de Santo André.

Hai unha alcantarilla mal na rúa San Martín onde o garaxe.

Hai depositado escombros na carretera morta de Ventosela.

Hai que tomar medidas coa casa que ardeu, a rúa non pode estar pechada.



E sendo as dez horas e cinco minutos, e non habendo máis asuntos que tratar ,o Sr Alcalde levanta a sesión do que como secretario extendo a presente acta.

ALCALDE

SECRETARIO